

ANEXO III

TEXTOS MEMORIAS DUN NENO LABREGO

Texto 1

TEXTO PRINCIPAL PARA BALBINOContexto de situación, dramaturxia e personaxe

Balbino, xa adulto, regresa da emigración, na Arxentina, e fai unha visita á tumba do pai, recén morto, co que ten algunhas "contas pendentes".

Entrou en escena cunha maleta na man. Parou onde conveña e os demais actores foron entrando con muñicos de terra que foron envorcando aos seus pés.

Balbino foi un neno cismón e curioso, xermolo do adulto que agora é.

Trátase de transitar do adulto presente ao neno da memoria que se fará presente. Non hai que imitar un neno, hai que o rescatar e vivir desde o neno que todos levamos dentro. O texto ten partes onde ese tránsito (que se afianzará en escenas posteriores) agroma claramente.

A proba centrarase especialmente no segundo parágrafo.

Balbino ficou só, coa saudade e a lembranza como única compañía. Debaixo da terra... a memoria do pai.

BALBINO.- Aquí estou, meu... (*Un tempinho*) Meu pai. Sentín non chegar a tempo, pero... qué se lle vai facer. Nin vostede podía esperar... aínda que ben quixera, claro. Nin eu podía apurar máis, que non estaba da miña man. Que hoxe en día os barcos van a todo meter, mar adiante,



pero aínda así... Xa se pode vir en avión, como aquel do meu soño, lembra? Pero... sonlle moitos cartos! Iso si, ser é rapidísimo! Buenos Aires - Madrid en tres días! Tres días! Inda que eu... non sei que lle diga. O camiño non hai que correlo, hai que andalo, para ver a onde vas... sen esquecer de onde vés. Ai, que cousas digo, non? Eu sempre igual.

Balbino sae da morea de terra. Sacode os zapatos, e ata chegará a sacalos para limpar a terra que lle entrou neles. Nalgún momento tirará tamén a chaqueta.

BALBINO.- Xa ve, eu devecía por andar mundo e... Andeino. Abofé que si. Vostede non estaba de acordo, ben sei. *(Nun eco do falar do pai)* Que xa tiña un fillo na América, e que con un ben chegaba, que aquí a terra tamén precisaba de mans que a... *(Colle unha présa de terra... sopésaa...)* Pero, qué lle quere? A aldea facíase pequena. Coma se vivise nun cortizo. Aqueles cortizos que tiñamos no coto de Guillal, lembra? Eu vía as abellas alí dentro, todas apiñocadas, e... Así me sentía eu. Disto nunca lle falei, claro. E menos mal que non, porque... *(Imitando a voz do pai)* "Pero que esbardallas, neno?! Que esbardallas?! Déixateme de andrómenas e atende ao traballo. Que hai que estar ao que hai que estar!". A verdade é que vostede o de falar comigo... só cando quería. Que entón si, pero se non... Que non me queixo, eh. Bastante tiña co seu. Sen un respiro. O campo é o que ten, e se por riba non é de un...! Pero os nenos son preguntóns, qué se lle vai facer. Para que serven as estrelas? Onde morren os paxaros? Quen puxo aí os penedos? Aínda ben que estaba o padriño, que mira, ao seu xeito, el sempre me... "Eu sei, meu padriño, que moitos anos antes de eu nacer xa había sol - díxenlle eu un día- e que fuxía a auga polo río abaixo." El escoitábame todo serio, como se eu estivese a dicir algo importantísimo. "E tamén sei que moito despois de eu morrer, ou calquera *-(Ao pai)* mire, vostede



por exemplo-, todo ha de seguir igual". *Bueno*, igual, igual... se cadra non, pero por aí lle anda, que des que cheguei non fago máis que topar con... sombras por todas partes, ecos... anacos da memoria do que fun. Ou do que aínda son, quen sabe.



Texto 2

PROBA DE HOME 1. LELO

Contexto de dramaturxia, situación e personaxes

Agás o actor que encarne Balbino, todos os outros actores e actrices farán varios personaxes, máis ou menos desenvolvidos ou máis menos puntuais, por iso se denominan desta maneira xenérica.

Neste caso a proba de HOME 1 faise co personaxe do LELO, o principal dos que o HOME 1 encarnará.

Un candidato ao personaxe de BALBINO dará a réplica. Non é necesario que saiba o papel, pero si que o poida ler con soltura e prestancia.

LELO é o gran amigo de BALBINO, o único amigo de seu que considera que chegou a ter. A súa marcha para América provoca en BALBINO unha profunda tristura.

LELO, tan pobre ou máis que BALBINO, é un rapaz sanamente despreocupado, o complemento perfecto para o protagonista, bastante cismón el, bastante intenso.

A acción transcorre no campo, un domingo pola tarde no que andan xuntos a brincar por aí.

Aínda que a dramaturxia traballa planos distintos e pode chegar a ser moi xogada, a convención interpretativa de partida é realista. Igual que no caso de Balbino, o actor que interprete a LELO terá que o traballar a partir de rescatar ese neno que todo adulto leva dentro. A dramaturxia e a convención do xogo posibilitarán ese rescate.

LELO.- Que facemos?

BALBINO.- Non sei. Podemos ir aos grilos, ou...

LELO.- Vale. Tes por aí un sachó?

BALBINO.- Un sachó? Para que?



LELO.- Para lle cavar no buraco.

BALBINO.- Ala, animal! Meu padriño dicía que iso é un abuso. Que xustamente o buraco é o refuxio do grilo.

LELO.- Eu era por ser máis rápidos, ho.

BALBINO.- E que présa temos?

LELO.- Está ben. Pois entón collémolos á escoita.

BALBINO.- Como á escoita? Esa maneira non a coñezo.

LELO.- Si, ho. O grilo sempre canta fóra do buraco. Así que o que hai que facer é escoitar... *(Pondo atención ao canto do grilo e comezando a ir cara ao sitio)* Canta por alí. Entón ir amodiño, amodiño, amodiño. Sempre parece que canta aí ao teu pé, pero non, canta máis adiante. E hai que achegárselle... amodiño, amodiño... *(Baixando a voz)* Sen facer ruído, que se te sente vir, métese no buraco e alá vai. *(Nota que o grilo ao que se estaba aproximando fuxiu para o buraco)* Ves? Ese xa se meteu para dentro.

BALBINO.- Espera, vou buscar por aí unha palla.

LELO.- Para que?

BALBINO.- Para que vai ser? Para fuchicarlle.

LELO.- Boh, déixate diso. Teño eu un xeito moito máis rápido.

BALBINO.- E cal?

LELO.- *(Fedellando na bragueta)* Mexarlle no buraco.

BALBINO.- Ala, animal! Outro abuso máis!

LELO.- Non, ho, seguro que sae todo contento: "Viva, xa temos auga quente na casa!". Coma os ricos!



BALBINO.- *(Empurrándoo)* Vai de aí, porco!

LELO interrompe a acción e escacha a rir, retirándose do sitio onde estaba o buraco do grilo.

LELO.- Que, ímoslle aos pexegos ao Xudeu?

BALBINO.- E se nos colle? Que medo, non?!

LELO.- Pois sen medo, mira ti... que mérito ten? Veña, vamos.

LELO inicia o camiño cara ao quintal do Xudeu. BALBINO, non moi convencido, ségueo. De súpeto LELO para, vírase cara a BALBINO e...

LELO.- Ah, por certo, falando de medo...

BALBINO.- Que?

LELO.- A semana que vén meus pais marchan para América.

BALBINO.- Ah.

LELO.- E eu con eles, que remedio.

BALBINO.- Como?! Pero... canto tempo hai que o sabes?

LELO.- E haberá... unha semana, ou... Meus pais, que che vou dicir, comigo moito non contan e non me dixeron nada ata...

BALBINO.- E como non mo comentaches?

LELO.- Fóiseme da cabeza, ho. Xa sabes como son, que non penso moito nas cousas malas. Para que?

BALBINO.- *Bueno*, marchar para a América tampouco é tan malo. Na única carta que meu irmán me mandou dicía que comían pantrigo todos os días. E que non traballaban os sábados pola tarde!



LELO.- Pois entón alégrate por min, non?

BALBINO.- Non, se me alegro, claro que me alegro. Pero ao mesmo tempo...

LELO.- Que?

BALBINO.- Vaste. E eu... quedo... aquí... sen...

LELO.- Xa. Iso tamén é verdade. E a min pásame igual.

BALBINO.- Pois... por iso.

LELO.- Pero eu heiche de escribir, non como teu irmán.

BALBINO.- Seguro?

LELO.- Todos os días do Noso Señor. *Bueno*, día si e día non. Ou cada tres ou catro días. Ou...

BALBINO.- Vale, vale, non sigas coas rebaixas que...

LELO.- Está ben. Aos pexegos, logo.

BALBINO.- Espera.

LELO.- Que?

BALBINO.- E iso que ten que ver co medo?

LELO.- Como?

BALBINO.- Dixeches "falando de medo" e contaches que te vas. Iso por que?

LELO.- Porque penso que hai atravesar o mar, nun barco. E... a verdade, iso... ponme medo.

BALBINO.- Pero non dicías que ti non pensabas nas cousas malas?

LELO.- Ah, claro. Tes razón. Non pensara en que podo non pensalo. Pois nada, nada. Xa non o penso. Así que veña, aos pexegos!



LELO vaise. Pero BALBINO queda paralizado no medio da escena. Porque el... non pode non pensar.



Texto 3

PROBA DE HOME 2 E HOME 3. O PADRIÑO

Contexto de dramaturxia, situación e personaxes

Agás o actor que encarne Balbino, todos os outros actores e actrices farán varios personaxes, máis ou menos desenvolvidos ou máis menos puntuais, por iso se denominan desta maneira xenérica.

Neste caso a proba de HOME 2 e HOME 3 faise co personaxe do PADRIÑO ou co do XUDEU. Os actores preseleccionados para probaren para HOME 2 e HOME 3 poderán escoller un ou outro personaxe para faceren a proba. Independentemente de con que personaxe proben poderán ser seleccionados para faceren un ou outro.

O percorrido na peza do PADRIÑO e o XUDEU é máis ou menos similar.

Un candidato ao personaxe de BALBINO dará a réplica. Non é necesario que saiba o papel, pero si que poida lelo con soltura e prestancia.

O PADRIÑO é o padriño de Balbino, o único na familia que, máis ou menos, o entende e apoia. De mediana idade dos tempos da posguerra. Un home rural pero que estivo emigrado e ten certa cultura e criterio. É crítico co mundo, pero na práctica, máis ben pasivo e conformado.

A acción arranca cando o PADRIÑO topa a Balbino logo de que este fuxiu da casa e andaba toda a aldea á súa procura desapareceu. Fuxiu da casa por mor dunha tunda que lle deu o pai e que el considera inxusta. Non se onde está e anda toda a aldea a buscar por el. O Xudeu é un veciño co que, en principio, non queren relacionarse.

Aínda que a dramaturxia traballa planos distintos e pode chegar a ser moi xogada, a convención interpretativa de partida é realista.



Así que o veciño sae séntese o ladrar dun can que se achega a Balbino, agora neno.

BALBINO.- Pachín! Pachinciño! *(O can ladra)* Chhs, cala, cala que me descubres.

Seguindo o can aparece un home. É o padriño de Balbino.

PADRIÑO.- Estabas aí, raio de neno!

BALBINO.- Padriño. Que fai aquí?

PADRIÑO.- Que fago eu, non. Que fas ti.

BALBINO.- Esconderme.

PADRIÑO.- Armáchela boa, galopín. Todo o mundo á túa procura.

BALBINO.- Como deu comigo?

PADRIÑO.- Seguindo o can.

BALBINO.- *(Mostrando a súa estrañeza)* Se estaba atado.

PADRIÑO.- Pero ceibeino.

BALBINO.- Pois fixo ben. Que teñen unha teima ultimamente con atalo!

PADRIÑO.- Foi soltarlle a cadea e saíu...! E eu ben sabía a onde viña.

BALBINO.- É que non hai can máis listo ca el na aldea toda. *(O can ladra)* Nin máis festeiro, nin máis agarimoso, nin máis... todo. A que non o hai, Pachín? A que non?

PADRIÑO.- Armáchela boa, galopín. *(BALBINO encóllese de ombros)* E logo que foi, ho?

BALBINO.- E que había de ser. O de sempre. Que onte meu pai...

PADRIÑO.- Que?



BALBINO.- Xa sabe. (*Ante a cara interrogante do PADRIÑO*) Deume unha tunda.

PADRIÑO.- Ai, si?

BALBINO.- (*Afirmando coa cabeza*) Co cinto.

PADRIÑO.- Bueno, algo farías.

BALBINO.- Si. Enfarruscarlle a cara a Manolito.

PADRIÑO.- O fillo do amo?

BALBINO.- (*Afirma coa cabeza*).

PADRIÑO.- É que tamén ti...

BALBINO.- Tamén eu que, padriño, tamén eu que? E o que me fixo Manolito a min denantes, que? Non importa?

PADRIÑO.- Importa, home, importa, só que...

BALBINO.- Pois xa ve, a meu pai non lle importou. Por máis que llo quixen contar, el nada. (*Imitando o pai*) "É o neno do señor e xa está. Xa está, xa está, xa está...". E con cada "xa está" cintazo que te criou. "Xa está, xa está...".

PADRIÑO.- A ver...

BALBINO.- E xa estará, non digo que non. Xa estará. Pero aínda así non creo que Manolito teña dereito a baterme cos seus zapatiños novos nas canelas, nin a cuspirme na cara. Nin a dicirme que se eles queren, nós teremos que deixar a casa e as leiras.

PADRIÑO.- Bueno, por desgraza iso é certo.

BALBINO.- Pero é inxusto.

PADRIÑO.- Por iso dixen por desgraza. A inxustiza é a maior das desgrazas.

BALBINO.- Por que teñen que mandar en nós, eh? Por que?



PADRIÑO.- Ti ben sabes por que, listo como es.

BALBINO.- Xa. Porque somos... caseiros.

PADRIÑO.- Pois si. Caseiros. Que vaia merda de palabra, agora que o penso.

BALBINO.- E logo?

PADRIÑO.- A ver, ben mirado, caseiro debería querer dicir que tes casa, non?
Ca-sei-ro. Tes-ca-sa. Pero non. É ao contrario. A casa é do amo, a terra é do amo...

BALBINO.- A colleita é do amo.

PADRIÑO.- Home, a colleita...

BALBINO.- A colleita tamén. Polo menos a metade.

PADRIÑO.- Pois agora que o dis, mira, tamén é certo. Que pobre de ti se non lle dás a súa parte cada ano. E mais o traballo temos que o facer todo nós.

BALBINO.- E hai dereito a iso?

PADRIÑO.- Non, pero... o mundo é así. Que, ollo, que o mundo sexa así non quere dicir que teña que ser así o mundo. Que o mundo é o que é o mundo porque todo o mundo deixa que o mundo... *Bueno*, agora non é esa a cuestión. A cuestión é que está toda a xente anguriada a buscar por ti. Anda, vamos para a casa. Vamos para a casa e xa...

BALBINO.- Non, para a casa, non.

PADRIÑO.- Como non?

BALBINO.- Para que? Para que meu pai me dea outra quenta por fuxir?

PADRIÑO.- Non cha dá, ho, non cha dá, que xa falo eu con el e...



BALBINO.- Pois miña nai, ou a tía Carme, ou... quen cadre. Porque aquí todos son a mallar en min.

PADRIÑO.- Home, todos...

BALBINO.- Todos, si. Todos. E vostede tamén.

PADRIÑO.- Eu?

BALBINO.- Si, si. Que algunha turrada de orellas tamén me ten dado, non diga que non.

PADRIÑO.- Home, xa, pero...

BALBINO.- Pero nada, meu padriño, pero nada. Calquera diría que a misión dos nenos na vida é esa: que os maiores poidan aliviar as súas neuras batendo neles.

PADRIÑO.- Home... visto así...

BALBINO.- Visto... e sentido. Sobre todo sentido.

PADRIÑO.- Raio de neno, ten saídas para todo. Está ben. Está ben, tomo nota. Tomo nota e de aquí para adiante perde coidado que xa hei de me ocupar eu de que non che... Ou polo menos non tanto. Pero agora imos para a casa, anda. Veña, que están todos coa alma nun puño.

BALBINO.- Ui, pois non sei se iso me tranquiliza.

PADRIÑO.- O que?

BALBINO.- O do puño.

PADRIÑO.- Veña, veña, non digas parvadas. Arestora o único que queren é que aparezas con ben. Xa verás como todo vai ser alegría, e garatuxas, e bicos. Sobre todo da tía Carme, que está a coitada toda devecida.



BALBINO.- *(Co típico noxo infantil aos bicos)* Ala, inda por riba os bicos da tía
Carme! Non, se...! En fin, imos alá.



Texto 4

PROBA DE HOME 2 E HOME 3. O XUDEU

Contexto de dramaturxia, situación e personaxes

Agás o actor que encarne Balbino, todos os outros actores e actrices farán varios personaxes, máis ou menos desenvolvidos ou máis menos puntuais, por iso se denominan desta maneira xenérica.

Neste caso a proba de HOME 2 e HOME 3 faise co personaxe do XUDEU ou co do PADRIÑO. Os actores preseleccionados para probaren para HOME 2 e HOME 3 poderán escoller un ou outro personaxe para faceren a proba. Independentemente de con que personaxe proben poderán ser seleccionados para interpretar un ou outro.

O percorrido na peza do PADRIÑO e o XUDEU é máis ou menos similar.

Un candidato ao personaxe de BALBINO dará a réplica. Non é necesario que saiba o papel, pero si que poida lelo con soltura e prestancia.

O XUDEU é un veciño a quen todo o mundo alcuma así porque vai a contracorrente dos usos e costumes da aldea, o que fai que a xente lle teña prevención e non se leve moi ben con el. Vive só e os nenos téñenlle certo medo. Non é necesariamente ateo, pero está manifesta e activamente contra o que supón a Igrexa e o seu poder e dominio.

BALBINO ía na procesión, pero escapou correndo detrás dun foguete. Nesa persecución acaba entrando no quintal do XUDEU.

Aínda que a dramaturxia traballa planos distintos e pode chegar a ser moi xogada, a convención interpretativa de partida é realista.



Simultaneamente coa acción anterior, entra un novo personaxe. Un veciño ao que todos alcuman o XUDEU. Un home malencarado que vai recollendo os muñicos e colocándoos un enriba do outro.

Polo mesmo lateral polo que saíu a anda entra correndo BALBINO, seguindo a canavela dun foguete que cae.

BALBINO.- *(Aínda desde caixas) Ese foguete é meu!! (Entrando) Por alí o vai! (Virando cara o sitio polo que entrou, como se atrás del viñese outro rapaz) Quieto aí! Que che digo que ese foguete é meu. (Bota a correr de novo) A ver onde cae! Por alí...!*

Concentrado na caída do foguete, BALBINO non se decata da presenza do XUDEU e peta contra el, botando abaixo a torre de muñicos.

O XUDEU.- Ou neno! Seica non ves por onde vas, ou?

BALBINO.- Desculpe, é que viña atrás dun... *(Facendo aquel de irse por onde veu)* Pero xa me vou. Xa...

O XUDEU.- *(Colléndoo por un brazo e reténdoo)* Non! Ti non vas a ningures!

BALBINO.- É que teño que volver á procesión, que miña nai...

O XUDEU.- *(Con cara de ferreiro)* Que che digo que non vas a ningures! Que fas na miña eira?

BALBINO.- Pois iso, que...

O XUDEU.- Viñas roubar pexegos, seguro.

BALBINO.- Non señor, que a min téñenme dito que roubar é pecado.

O XUDEU.- E se non fose pecado, virías?



BALBINO.- Pois... *(Non sabendo moi ben que dicir)* Na casa temos un par de pexegueiros, así que para que había eu de vir aquí...

O XUDEU.- A ver, non me negarás que os pexegos da casa non son tan ricos coma os roubados.

BALBINO.- A verdade... é que non. Tan ricos non son, non.

O XUDEU.- E como o sabes? Probáchelos?

BALBINO.- Pois...

O XUDEU.- Non quedamos en que roubar é pecado?

BALBINO.- Si, pero...

O XUDEU.- *(Colocando un dos muñicos)* Anda, senta aquí!

BALBINO.- *(Acenando que quere marchar)* Non, creo que é mellor que me...

O XUDEU.- Que sentes, che digo!!

BALBINO.- *(Sentando)* Xa, xa.

O XUDEU.- Así que estabas na procesión.

BALBINO.- Estaba, si señor.

O XUDEU.- Onde?

BALBINO.- Ía detrás da andiña da Nosa Señora do Carme.

O XUDEU.- A Nosa Señora do Carme. E que, xa loce o arco ese tan carísimo que seica ía estrear este ano?

BALBINO.- Loce, si. Disque que Ilo regalou un indiano desde Cuba.

O XUDEU.- Pois sabes que? O tal indiano faría mellor dando eses cartos aos pobres da parroquia ou mercando libros para a escola, non che parece?

BALBINO.- Se vostede o di...



O XUDEU.- E que, que sentías?

BALBINO.- Como?

O XUDEU.- Na procesión. Que sentías?

BALBINO.- Ah. Pois... sentía... as campás repenicando, os gaiteiros a tocar, o rosmar da xente que rezaba...

O XUDEU.- Non, home. Quero dicir se pensabas en Deus, na Virxe, nos santos...?

BALBINO.- Pensaba... nos foguetes.

O XUDEU.- Velaí o tes: a xente que vai rezando tampouco atende ao que está. Uns pensan no hórreo baldeiro, outros na contribución, ou na peste das patacas...; outros van mirando con envexa a roupa que levan os demais... Ti iso velo ben, eh? Velo ben?

BALBINO.- Pois... non, non, señor. Nada ben.

O XUDEU.- Pero ti pensabas nos foguetes.

BALBINO.- Xa, certo. É que...

O XUDEU.- Se o zoqueiro, poño por caso, cando ten a macheta na man, non pon tino no que fai, que pode pasar cos zocos? Eh, que pode pasar cos zocos?

BALBINO.- Pois... que igual os estraga dun mal corte, ou...

O XUDEU.- Pois rezar é como falar con Deus, e a iso hai que lle pór tino. Que Deus vale moitísimo máis ca un par de zocos. Ou non?

BALBINO.- Si, si, claro. Máis ca un par de zocos, desde logo que vale.

O XUDEU.- Ti sabes como me chaman a min pola aldea adiante?

BALBINO.- *(Timidamente)* Sei, si señor.



O XUDEU.- Como?

BALBINO.- Pois o...

O XUDEU.- O que?

BALBINO.- O...

O XUDEU.- O?

BALBINO.- O... (*Baixaño*) xudeu.

O XUDEU.- Como?

BALBINO.- (*En alto*) O Xudeu.

O XUDEU.- O xudeu, si. O xudeu. E sabes por que?

BALBINO.- Non, señor.

O XUDEU.- Porque non son coma eles. Porque digo cousas que coidan que é mellor non dicilas. Pero a min tanto me ten. E aínda o sinto por eles, que parecen ovelliñas en vez de persoas. Beeee! Beeee! Déronlle a súa alma ao cura para que lla gardase, e o cura non fai máis que estragarlla. Ninguén pensa pola súa conta. Pensar é pecado. Ti que dis?

BALBINO.- De que?

O XUDEU.- Pensar é pecado ou non?

BALBINO.- Ás veces si. O cura di que se pode pecar de pensamento, palabra...

O XUDEU.- (*Cortándoo*) O cura, o cura, o cura... Que importa o que diga o cura. Importa o que digas ti. Ti!



Texto 5

PROBA DE MULLER 1: A MESTRA

Contexto de dramaturxia, situación e personaxes

Agás o actor que encarne Balbino, todas as outras actrices e actores farán varios personaxes, máis ou menos desenvolvidos ou máis menos puntuais, por iso se denominan desta maneira xenérica.

Neste caso a proba de MULLER 1 faise co personaxe de ELADIA, que será o principal dos que faga.

ELADIA é a mestra que vén para escola a que vai BALBINO. É nova e con encanto, e substitúe un mestre que pegaba e trataba mal os nenos. Ela é todo o contrario: doce, agarimosa, próxima, atenta. E ademais fálalle aos rapaces na súa lingua. Resultado: BALBINO fica perdida e secretamente namorado dela.

ELADIA púxose enferma e acordou que BALBINO, alumno polo que ten moita admiración, o substitúa. Cando ela xa vai estando mellor BALBINO vaina visitar á súa casa coa desculpa de renderlle contas de como van as cousas na escola.

Un candidato ao personaxe de BALBINO dará a réplica. Non é necesario que saiba o papel, pero si que poida lelo con soltura e prestancia.

Aínda que a dramaturxia traballa planos distintos e pode chegar a ser moi xogada, a convención interpretativa de partida é realista.

ELADIA.- Pasa, Balbino, pasa. Non quedes aí na porta coma un papón. O de papón é broma, eh, que sabes que eu te quero ben. E de papón desde logo que non tes nada, todo o contrario. E que, a que se debe a visita?

BALBINO.- Pois... eu viña pola súa casa para...

ELADIA.- Pola súa casa, non. Pola túa.

BALBINO.- Como pola miña?



ELADIA.- En segunda persoa.

BALBINO.- Como?

ELADIA.- Quero dicir que non me trates de vostede, que non estamos na escola. Viña pola túa casa para... Pero antes de nada, queres tomar algo?

BALBINO.- Que?!

ELADIA.- Que se queres tomar algo? Un café con leite, ou...

BALBINO.- Non quero molestar.

ELADIA.- E que molestia é? O café está feito e o leite é só botarllo, así que... Anda, senta aquí comigo, que eu xa vou indo mellor e non hai mal ningún en sentarmos cerca. E que? Viñas darme o parte, non? De como van as cousas pola escola, digo.

BALBINO.- Si.... Si.

ELADIA.- Pois non facía falta, home. *(Decatándose de que podería parecer que non está contenta coa visita)* Que estou encantada de que viñeras, ollo. Encantadísima! Pero eu confío plenamente en ti. Por algo te collín de "substituto", non?

BALBINO.- Xa, pero...

ELADIA.- Ti vales moito, Balbino. Moito. Lémbrasme tanto a min aos teus anos! E que eu tamén son filla de labregos, sabes?

BALBINO.- Ai, si?

ELADIA.- Si. E tamén destacaba na escola. E tiña curiosidade por todo. Coma ti. E mira, a base de esforzo... aquí estou. A base de esforzo e axuda, claro. Como a que ti mereces.

BALBINO.- Eu?



ELADIA.- Claro, home. E no que na miña man estea... podes contar comigo.

BALBINO.- Para que?

ELADIA.- Para o que faga falta, con tal de poderes aproveitar ese potencial que tes.

BALBINO.- Ese que, que teño?

ELADIA.- Potencial.

BALBINO.- Ah.

ELADIA.- Quérelo busca no dicionario? Teño aquí un. Ui, perdón. Teño cada cousa! Tomando un café, como dous amigos, e eu ofrecéndoches un dicionario. Eu...! E logo que? Cales son os teus proxectos?

BALBINO.- Como proxectos?

ELADIA.- Para o futuro, quero dicir. Que che gustaría facer? De maior e todo iso.

BALBINO.- Pois... pensaba ir a América, como meu irmán. Pero xa non.

ELADIA.- Ai non?

BALBINO.- Non. Cambiei de idea.

ELADIA.- E logo? Que che fixo cambiar de idea?

BALBINO.- Pasou algo ultimamente que...

ELADIA.- Que?

BALBINO.- Que... Que non lle podo contar.

ELADIA.- Che.

BALBINO.- Como?

ELADIA.- Que non che podo contar.



BALBINO.- Ah, si. Pois iso. Que non che podo... É que... xustamente... é un segredo.

ELADIA.- Ah, pois se é un segredo... en secreto queda. Segredo, sustantivo. Secreto, adxectivo. Ai, desculpa, vicios de mestra. Pois sabes que che digo? Que fas moi ben en non querer ir a América. Non pode ser que se vaian sempre os mellores.

BALBINO.- Si, algo así di meu pai.

ELADIA.- Pois ten toda a razón. A Terra, con maiúscula, necesitavos aquí.

BALBINO.- Si, iso tamén o di meu pai, pero creo que el o di máis ben con minúscula.

ELADIA.- *Bueno*, ha ser o que ti queiras, xa verás. Se o tes claro e te esforzas... adiante! E no que a min toca, o dito, estou contigo. Podes contar comigo para o que faga falta. Para o que faga falta!



Texto 6

PROBA DE MULLER 2 E MULLER 3

Contexto de dramaturxia, situación e personaxes

Agás o actor que encarne Balbino, todas as outras actrices e actores farán varios personaxes, máis ou menos desenvolvidos ou máis menos puntuais, por iso se denominan desta maneira xenérica.

Neste caso a proba de MULLER 2 faise co personaxe de NAI e o de MULLER 3 co personaxe de TÍA CARME.

NAI é a nai de Balbino. De mediana idade dos tempos da posguerra, das que xa comezaban a tirar a "vellas" des que casaban e tiñan o primeiro fillo. Balbino é o último. É unha muller rural, tradicional, da súa casa, crente e cumpridora do que iso supón.

TÍA CARME é a irmá maior do pai de Balbino. De mediana idade pero avanzada. É e di máis "vella" que a NAI. É tamén unha muller rural, tradicional, crente no punto xa de ser beata, e supersticiosa. É viúva e o home morreu de desgraza. É por iso que as dúas van de loito.

Balbino desapareceu. Fuxiu da casa por mor dunha tunda que lle deu o pai e que el considera inxusta. Non se onde está e anda toda a aldea a buscar por el. O Xudeu é un veciño co que, en principio, non queren relacionarse.

Aínda que a dramaturxia traballa planos distintos e pode chegar a ser moi xogada, a convención interpretativa de partida é realista.

Escóitanse desde caixas berros e voces alarmadas dun monte de xente a chamar polo neno Balbino. O home Balbino asústase. Quere fuxir, pero non sabe a onde. Finalmente colle a maleta, brinca para detrás da morea de terra, anícase para esconderse... e o neno que foi réúnese con el.



Por un lateral entran dúas mulleres vestidas de negro: a súa nai e a súa tía Carme.

NAI.- Balbino!

TÍA CARME.- Neno!

NAI.- Ou, fillo, onde andas?

TÍA CARME.- Nada, que non aparece e non aparece e non aparece e non aparece...!

NAI.- Xa, xa, que non aparece.

TÍA CARME.- E non cairía no río!

NAI.- Ai, cala, muller, non hai que se pór nas malas!

TÍA CARME.- Non me poño nas malas...

NAI.- Non, ti poste nas peores. Coma sempre.

TÍA CARME.- *Bueno*, ti fala, fala, pero eu... Cando foi o do meu Braulio, que en paz estea... sentín aquel barullo na Congostra Vella e deume o corpo que a cousa era de desgraza. E mira, foino, si ou non?

NAI.- É que o teu corpo sempre se che está a dar aqueles de desgraza, Carme, e algunha vez terás que acertar. Por desgraza.

TÍA CARME.- Mira, eu por un si ou por un non vou deica o peirao do muíño, que alí o río vai avolto e... Se non queres vir, pois...

NAI.- Non quero ir, non. Non quero, que só de pensalo xa...

TÍA CARME.- *(Facendo aquel de marchar)* Pois logo...

NAI.- Pero irei, que remedio. Irei.

TÍA CARME.- Balbino!



NAI.- Fillo! Ai, fillo!

Van saír polo lateral contrario ao que entraron, pero polo outro entra un veciño da aldea e..

VECIÑO.- Ou, ho! E logo a que vén tanto berro, que semella que toleou a aldea toda!

TÍA CARME.- O neno!

VECIÑO.- Que neno?

NAI.- O noso Balbino!

VECIÑO.- Que ten, ho?

TÍA CARME.- Que non aparece por ningures!

NAI.- Talmente como se o tragase a terra!

TÍA CARME.- Ou o río!

NAI.- E dálle ti co río!

TÍA CARME.- Eu non lle dou. É o corpo o que me dá.

VECIÑO.- E... andará por aí, ou...

TÍA CARME.- Desde onte?

VECIÑO.- Como desde onte?

NAI.- Si, á noitiña. Saíu polo cancelo para afora e... Xa o ten feito doutras veces. Cando...

TÍA CARME.- Cando se desgusta.

NAI.- Pero así que chega a noite xa está de volta. Por iso non lle demos máis aquel e fómonos deitar, que hoxe había que erguerse cedo.



TÍA CARME.- Pero desta non volveu, *(Persignándose)* Sanantoniño nos valla!
(Saíndo) Neno!

NAI.- *(Saíndo)* Balbino!

